



concello de ourense
CONCELLARÍA DE CULTURA
<http://www.ourense.es>

ENTROIDO DAS EIROÁS FESTA DA PITA

31 DE XANEIRO DOMINGO FARELEIRO

12h00 *Colga do Meco.*
17h00 *Guerra Fareleira* amenizada pola charanga *Nova Terra de Trives.*

7 DE FEBREIRO DOMINGO OLEIRO

Neste día, saen as Pitas por primeira vez no Entroido.
17h00 *Xogo Das Olas*, amenizado pola charanga *Dr. Anchoa.*

13 DE FEBREIRO SÁBADO DE ENTROIDO

De noite, unha mascarada percorre o barrio anunciando a chegada dos días gordos do Entroido.

16 DE FEBREIRO MARTES DE ENTROIDO

11h00 *Folión do Entroido*, con Pitas, máscaras e música, que percorreren o barrio anunciando a chegada do día grande.

- 13h00 *Voda da Pita*
 - 14h00 Xantar amenizado pola charanga *Os Chispas.*
 - 17h00 *Baile de Máscaras* amenizado pola orquestra *Nevada.*
- * *Ás mais ou menos*
Queima do Meco.

ENTROIDO DE SEIXALBO PAQUITA E NICANOR

5 DE FEBREIRO

11h30 *Procesión* desde a igrexa ata a capela, posteriormente haberá Romaría con Pulpo á Feira.

7 DE FEBREIRO DOMINGO OLEIRO

15h30 *Tarde de Olas* como manda a tradición. Percorrido polas rúas de Seixalbo ata a Praza Maior, para deixar os bonecos *Paquita* e *Nicanor.*

14 DE FEBREIRO DOMINGO DE ENTROIDO

16h00 *Baile de disfraces* na Praza Maior de Seixalbo.

16 DE FEBREIRO MARTES DE ENTROIDO DIA GRANDE DO ENTROIDO EN SEIXALBO

16h00 *Desfile de Comparsas e Charangas* polas rúas de Seixalbo.

17 DE FEBREIRO MÉRCORES DE CINZA

21h00 *Enterro da Sardiña* con desfile polas rúas de Seixalbo e sardiñada despois de cantar os críticos versos.

ENTROIDO ASOC. CULT. FREI CANEDO DA PONTE

13 DE FEBREIRO SÁBADO DE ENTROIDO

21h00 *Baile de Disfraces* coa orquestra *JOKER.*

14 DE FEBREIRO DOMINGO DE ENTROIDO DIA DO POLBO E DOS NENOS

12h00 *Xogos populares* para nenos e grandes (se os deixan os fillos). Paseo coa Confradía *Frei Canedo* acompañados da charanga *Lanzallamas.*

13h00 *Grande papatoria* con polbo e carne ao caldeiro con música de charangas, pan, viño do bo e baixo carpa por se chove!!!

20h00 *Espectáculo* a cargo de *Party Time.*

21h00 *Agasallos* para as nenas e os nenos.

22h30 *Baile popular* coa orquestra *JOCKER.*

15 DE FEBREIRO LUNS DE ENTROIDO DIA GRANDE DE FREI CANEDO

18h00 *Charangada* para a xuntanza dos frades ao redor da capela.

19h30 *Comezo dos solemnes actos* con: purificación do lugar coa inauguración do POTEFUMEIRO, presentación, sermón a cargo *CASIANO*, bendición dos novos confrades, Bendición Papal...

20h30 *Saída da solemne PROCESIÓN de Frei Canedo* polas rúas da Ponte coa presenza de *Blanquita* e a *Lexión*, os *Foliños de Trives*, as *Romanas da Ponte*, os *Bombeiros de Canedo*, o noso *Papa*, o *Abade da Orde* e as *Forzas Vivas do Pobo.*

22h00 *Xuntanza nos solemnes comedores* para honrar o *Frei Canedo* cunha cachuchada (só para socios), iso sí, mentres os frades cean, podeades facer o mesmo nalgún chiringo da zona, pero rapidiño xa que a iso das...

23h30 *Comezo do BAILE de disfraces* amenizado pola orquestra *JOCKER.*

24h00 *Tremendo FOLIÓN* con bombas de coloríns "fixo e voador". Segue o baile ata a 01.00 h na que, faremos o traslado de *Frei Canedo* aos seus aposentos, na *Adega do Emilio*. A festa continuará ata que caiamos de cú.

NOTA: Como dependemos da esmola do persoal ... segundo os cartos que xuntemos, trataremos de argallar algo máis. (os petos témolos moi á vista). **FELIZ ENTROIDO!**

OURENSE 2010 CAPITAL DO ENTROIDO



OURENSE

CAPITAL DO ENTROIDO

4 DE FEBREIRO

XOVES DE COMPADRES

17h30 *Día dos Compadres* para que todas as nenas e nenos poidan confeccionar os bonecos cos que faremos de seguido a tradicional carreira (19h00).
Lugar: Praza Maior

21h00 *Noite de Compadres* obradoiros de mecos para adultos.
Organiza: A.C. Cidade Vella de Ourense
Lugar: Grándola (praza San Marcial)

11 DE FEBREIRO

XOVES DE COMADRES

17h30 *Día das Comadres* para que todas as nenas e nenos poidan confeccionar os bonecos cos que faremos de seguido a tradicional carreira (19h00).
Lugar: Praza Maior

21h00 *Noite de Comadres* obradoiros de mecas para adultos.
Organiza: A.C. Cidade Vella de Ourense
Lugar: Grándola (praza San Marcial)

12 DE FEBREIRO

VENRES DE ENTROIDO

Animación de Rúas:
Charangas *Trópico de Grelas* e *Dr. Anchoa*.

21h00 *Pregón do Entroido 2010* a cargo de "AS TRILINGUES" (Jalísian Fusion Tradicional speaking and dancing in de Entroido).
Lugar: Praza Maior

21h30 *Desfile polas rúas da cidade* coa presenza dos nosos entroidos (Paquita e Nicanor de Seixalbo, Frei Canedo e As Romanas da Ponte, As Pitas de Eiroás, Os Perqttores de Seixalbo e a Caniceira de Trives).
Percorrido: Praza Maior, Lamas Carvajal, rúa do Paseo, parque San Lázaro, Sto. Domingo, praza do Ferro, rúa da Paz, praza Sta. Eufemia, Lamas Carvajal e Alameda do Concello.

22h00 *Cea de Benvida ao Entroido* onde o requisito imprescindible é vir disfrazado.
Prezo: 14 € - Venda de entradas: Auditorio Municipal
Lugar: paseo central da Alameda do Concello.

13 DE FEBREIRO

SÁBADO DE ENTROIDO

Animación de Rúas: charangas *Trópico de Grelas*, *Mecánica*, *Air Jalisia* e *Dr. Anchoa*.

11h30 *Xogando co Entroido – Xincana de Xogos*
Organiza: A.X. Amencer
Lugar: paseo central da Alameda do Concello

OBRADOIROS
13h00 *Iniciación á Percusión* con *Trópico de Grelas*.
Lugar: Praza Maior

18h30 *Actuación Musical* coa participación das corais *Os Montes* e *Airiños de Canedo*.
Lugar: Praza Sta. Eufemia

00h00 *Baile* co grupo *Aramio*.
Lugar: Praza Maior

14 DE FEBREIRO

DOMINGO DE ENTROIDO

Animación de Rúas:
Charangas *Trópico de Grelas*, *Centellas*, *Dr. Anchoa*, *Entre Amigos* e *Santiago Apóstol*.

12h00 *Concerto de Entroido* da Banda Municipal de Música de Ourense.
Lugar: paseo central da Alameda do Concello

OBRADOIROS
13h00 *Iniciación á Percusión* con *Trópico de Grelas*.
Lugar: Praza Maior

18h00 *Desfile de Comparsas e Carrozas*
Concentración dos participantes:
Pavillón dos Remedios.
Percorrido: Saída de Pavillón dos Remedios por Progreso ata a Praza Maior.

19h30 *Baile* coa orquestra *Capitol*.
Lugar: Praza Maior

21h00 *Concurso do Rei / Raíña do Entroido 2010*
Todas as persoas que queiran participar que se acheguen ao soportal do Concello, esquina coa rúa Colón, de seguido ENTREGA DE PREMIOS aos gañadores do Concurso de Comparsas e Carrozas para rematar coa coroación do Rei /Raíña deste ano polo Rei do Entroido 2009.
Lugar: Praza Maior

15 DE FEBREIRO

LUNS DE ENTROIDO

Animación de Rúas:
Charangas *Trópico de Grelas*, *Mecánica*, *Air Jalisia* e *Dr. Anchoa*.

OBRADOIROS
13h00 *Iniciación á Percusión* con *Trópico de Grelas*.
Lugar: Praza Maior

17h00 *Entroido Infantil* as nenas e os nenos terán a posibilidade de gozar dunha especial tarde de circo con "CIRCUS FILLOUS" e todos os seus protagonistas... acróbatas, magos, domadores, malabaristas...
Lugar: paseo central da Alameda do Concello

18h30 *Actuación Musical* coa participación das corais *Albor* e *Agarimo*.
Lugar: praza Sta. Eufemia

19h00 *Actuación infantil* *Çê Orquestra Pantasma* (home orquestra).
Lugar: paseo central da Alameda do Concello.

00h00 *Baile* coa orquestra *Ledicia*.
Lugar: Praza Maior

00h00 *Concerto* *Çê Orquestra Pantasma*, *Sacha Na Horta* e *Pirat's Sound Sistema*.
Lugar: praza do Correxidor

16 DE FEBREIRO

MARTES DE ENTROIDO

Animación de Rúas: Charangas *Tropico de Grelas*.

OBRADOIROS
13h00 *Iniciación á Percusión* con *Trópico de Grelas*.
Lugar: Praza Maior

19h00 *Baile* coa orquestra *Passarela*.
Lugar: Praza Maior

20h30 *Concurso de Disfraces Individuais*, onde un xurado premiará os 50 mellores disfraces cun agasallo.
Lugar: Praza Maior

17 DE FEBREIRO

ENTERRO DA SARDIÑA

20h30 *Enterro da Sardiña*
Concentración: na Praza Maior, onde as carpideiras, nun cortexo fúnebre debidamente amenizado polas charangas *Os Centellas* e *Trópico de Grelas* acompañarán a Sardiña ao longo do percorrido.
Percorrido: saída da Praza Maior, Lamas Carvajal, rúa do Paseo, Parque de San Lázaro, Sto. Domingo, Lepanto, Xoán de Austria, praza Sta. Eufemia, Lamas Carvajal e remate na Praza Maior coa queima da Sardiña.

EXPOSICIÓN

As Mil Caras do Entroido Ourense
Do 5 ao 11 de febreiro
Horario: de luns a xoves de 17h30 a 20h00 | venres e sábados de 16h30 a 21h30
Lugar: Sala de exposicións A.X. Amencer

